

DEMANDA DA CGENDL PARA QUE A SXPL LLE TRASLADE Á CRTVG

Os EDLG dos centros de ensino constatamos a escaseza ou, nalgúns casos, case nula existencia de materiais audiovisuais en lingua galega, feito que atranca o desenvolvemento normalizado da nosa lingua.

Dado que a CRTVG é un organismo de servizo público e conta con materiais audiovisuais en galego, desde a CGENDL **solicitamos:**

- Que se lles facilite ás bibliotecas escolares versións en galego de películas que teñan referencias literarias para seren empregadas con finalidade didáctica.
- Que se lles facilite aos EDLG que o soliciten copia de materiais diversos (debuxos animados, películas e documentais...) para actividades normalizadoras e dinamizadoras dos propios equipos.

Ames, 27 de febreiro de 2012